

A lenda da Paz *DIEGO RODRIGUEZ BRAGA*

Pola época do medievo, existiron e aínda existen numerosas illas.

Todas elas eran illas sinxelas, de mediano tamaño e con habitantes pacíficos. No pasado, os seus ancestros tiveran guerras e discusións, pero agora, limitábanse a non falar e a prescindir unhas doutras. Pero iso estaba a punto de cambiar, íase celebrar en Masferan, (a illa máis grande) unha festa de pacto pacífico entre tódalas illas. Asomando polo balcón do palacio real, atopábase a raíña Helena II que esperaba pacientemente aos nobres, á alta sociedade, ao clero e aos monarcas dos reinos das illas compañeiras.

-Estou moi nerviosa, os invitados van chegar en calquera momento - dicíalle ao seu marido, o rei Carlos IV.

- Xa o sei, miña amada, pero ti non te deberías preocupar, os criados xa teñen feita toda a comida; os bufóns e os magos darannos un bo espectáculo, e a música será relaxante, como vai ser todo a partir de hoxe – dicía o rei cun ton de tranquilidade.

O reloxo solar marcaba a unha cando comezaron a chegar os invitados. Os primeiros foron os reis de Heroncicia: Felipe III e Sara seguidos dos habitantes da súas illas. Logo, os reis de Xoiter, os de Folkirte es así ata que tódolos invitados chegaron e sentaron á mesa. Antes de comezar, - dixo o rei mirando orgulloso cara ao público- quero dicir que este pacto de paz será a unión de todos nós e para iso teremos que deixar a un lado as nosas diferenzas e actos do pasado, e comezar de novo, coma unha gran familia, pois a miña muller leva un fillo no seu interior, que me substituirá e seguirá con esta paz , igual ca min, como tamén debedes facer vós e así conseguiremos que a paz non sexa só hoxe, será unha paz perpetua: Que comece o banquete! Dito isto, o rei retirouse á súa mesa ao lado da súa esposa e dos reis doutras illas.

A festa ía moi ben: todos eran moi educados e algúns rían e rían cos bufóns, sorprendíanse cos magos e comían coas delicias das que dispuñan.

Pero todo deixou de ir ben cando uns fortes ruídos se oíron ao lonxe. Ninguén sabía moi ben o que era, e supuñan o peor. Todos saíron rapidamente ao balcón e á ponte levadiza que conducía fóra onde unha ducia de canóns ou máis estaba disparando á muralla dun castelo que brutalmente foi derrubado sen remedio e sen protección.

Ao pouco, ese barco achegouse e un mariñeiro dos moitos que viaxaban no barco saíu e gritou unha mensaxe:

- Iso e só unha advertencia do que vos podemos facer se non vos deixades conquistar! A xente impresionada, observaba en silencio como aquel barco marchaba ata onde non alcanza a vista. De súpeto, unha raíña e un rei comezaron a chorar completamente desilusionados e decaídos. Aquela illa estaba totalmente destrozada: as árbores enteiras ardían, o castelo estaba completamente derrubado. A illa quedou inservible. A xente, ante todo, non quería perder a calma. O rei Carlos IV púxose nunha zona elevada e comezou a falar:

- Tranquilos, tranquilos! Sei que todos estamos moi doídos pola perda desa illa, pero isto non vai quedar así. Os reis deberán vir comigo e pensar nunha estratexia de ataque. Tan só acabara o monarca de pronunciar aquelas palabras cando un nobre lle preguntou: -Perdoe, maxestade, pero ¿non acabamos de dicir que esta festa se celebrada pola paz destas illas?

O rei pensou un anaco e dixo:

-Tes razón, pero se para conseguir a paz temos que facer unha guerra, que así sexa. Que ningún saia desta illa, pode ser perigoso. Os reis e as raíñas que vaian ós apousentos

reais e descansen toda a noite. Por outra parte, que tódolos gardas vixíen as murallas e teñan as armas listas para calquera posible ataque. Os nobres que vaian ás súas casas e que se protexan ben. Se volven a por nós, estas illas serán historia.

Tres días e tres noites pasaron ata que os invasores volveron atacar outra illa. Esta vez, atacaron unha das illas máis grandes coma se nada. A xente tremía só de pensar o que lles podería pasar. Pouco tempo despois, os reis tiñan xa unha boa estratexia que decidiron aplicar. Primeiro acto: os gardas irían con coidado en botes a rescatar a toda a xente posible das illas máis próximas. Ese traballo fíxose rápido pero cando todos estaban dispostos a regresar á casa, media ducia de barcos interpúxose entre eles e a illa Mansferan e os mariñeiros, asustados, tentaron manter a calma e falar con eles pero ademais de que os ignoraban, facíanlle desprezos antes de dispararlle bolas dos canóns e tiros cos seus fusís. Os pobres habitantes trataron de esquivalos e dialogar con eles pero todo era inútil. Dende Mansferan, oíanse os fogonazos e foi máis que razón suficiente para que Carlos IV sacara os barcos de ataque e defendera aos seus compañeiros. Logrouse unha gran batalla. O monarca tiña máis barcos e acabou cos invasores en poucos minutos. A pesar diso, ninguén resultou ferido aínda que moita xente voltaba nadando pola escaseza de botes. Os invasores fuxiron nadando subidos a barrís e demais anacos de madeira que os mantiñan a flote. O rei Carlos estaba moi enoxado, aquilo tiña que rematar. Ao día seguinte, sacou os barcos coa artillería pesada, cargados de mariñeiros armados. Ese día rescataron a tódolos habitantes das illas, polo menos todos os que atoparon, e regresaron.

Ao seguinte día, volveron aparecer, pero non atacaron outra illa. Polo catalexo víase como se estivesen invadindo unha illa das que estaban máis afastadas; estaban entrando nela e creando casetas. Aquelas persoas ían habitar aquela illa, iso era insufrible. O rei daquela illa tirábase dos cabelos á vez que se ría. A súa esposa pensou que toleara ata que o rei comezou a falar.

-Agora están no noso territorio, podemos atacalos e rematar con todo isto!!

O monarca Carlos pensou que sería unha boa idea, pero eles estaban máis preparados cas súas propias tropas e non quería pór en perigo a vida de ninguén. Debémonos preparar ben-dixo- A partir de hoxe todo o mundo se mentalizará para unha batalla; os ferreiros farán coirazas e armas, os carpinteiros barcos fortes e letais e os que queiran participar na loita deberán adestrarse.

O rei estaba disposto a entrar na guerra e dar a súa vida se fose necesario para salvar aos seus cidadáns e compañeiros. Todo o mundo púxose mans á obra. O monarca fortaleceuse e aprendeu a usar ben a súa espada. Outros reis decidiran colaborar e tamén se adestraron. Ao cabo dun só mes esa illa volvérase perigosa e tras dous meses máis xa estaban listos para loitar, pero non quixeron comezar ata que o inimigo estivo listo. Un día, pola mañá, uns campesiños viron que trinta barcos se dirixían cara ao castelo. Todo o mundo se preparou para o peor. Os canóns do castelo estaban listos, os arqueiros tamén. Levaban barcos blindados con cincuenta soldados en cada un e xa esperaban indicacións.

Chegara o momento e cando xa se atopaban a uns poucos metros, tódolos mariñeiros de Carlos mostraban un rostro de pena e agonía. Ningunha daquelas máquinas de matar quería acabar coa vida de ninguén e, sen embargo, propuxéranse facelo para salvar as súas amadas mulleres e tenros fillos. Antes de abrir lume, Carlos entregoulle unha mensaxe ao xefe daquela flota. "Por favor, vos non tedes por que facer isto". O pirata xefe gritou: calaaaaaaa!! e disparoulle un tiro ao rei. Este tiro rematou dándolle a unha pomba que morreu ao instante e caeu ao mar.

Aquel paxariño era completamente branco, libre de espírito. O xefe invasor e CarloIV miráronse e, coma se falaran telepaticamente, non fixo falta nada máis, nin sequera unha

soa palabra: cada bando marchouse polo seu lado. Caras de alivio era o que había en cada defensor mentres que os invasores marchaban chorando. A morte daquel paxaro significou a reflexión dos invasores; mataran unha criatura pacífica que non lles fixera absolutamente nada.

Cando Carlos e a súa inmensa tripulación volveron, ninguén os recibiu. Buscaron por toda a illa pero nada. De súpeto, escoitouse o choro dun bebé dende o alto do castelo real. Carlos pensou na súa esposa e subiu correndo. Ao chegar viu un montón de xente celebrando a dobre victoria que tiveran. Carlos achegouse á súa esposa e colleu a súa filla.

Helena, sorprendida de ver ao ser marido tan pronto, preguntou pola guerra. Carlos respondeu emocionado a tódalas súas preguntas. Carlos colleu da man a Helena e miraron cara ao mar. Unha pomba branca estaba voando por alí tranquila e serena. Nese momento ocorréselle chamar a súa filla Paz. O nome gustoulles a ambos. Esa noite celebrouse unha cea celebrando o nacemento de Paz. O rei satisfeito saiu ao balcón e avistou novamente os barcos invasores, esta vez levaban unha bandeira branca colgada e non se vían canóns nin armas. Cando o rei avisou a todo o mundo, o barco xa botara áncoras na illa e uns poucos mariñeiros estaban alí. Aproximáronse á multitude e pedíronlle disculpas. Trouxeran sementes, animais, comida e toda a axuda necesaria para recuperar todo o que destruíran. O pobo aceptou e convidounos á gran cea. Cando tiveron tempo recuperaron as illas, incluso as melloraron. Os invasores volvéronse aliados e non podían entender que lles perdoaran todo aquilo que fixeran pero así foi. Na actualidade, os papa de Masferan solta dúas pombas brancas chamadas pombas da paz, tamén se di que Paz naceu o día 30 de Xaneiro e dende enton ese é o día da paz. Tras aquilo, o mundo foi un lugar moito mellor e máis coidado, ninguén coñecía a palabra guerra, non había discusións, en definitiva, fíxose un mundo de ensoño. Nesta lenda utilizouse a paz, o diálogo e o respecto e todo foi a mellor. Se así de ben aconteceu en Masferan, por que non seguimos nós ese exemplo na Terra?